

tados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2009.

M^a José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Posto: directora asistencial.

Nome e apelidos: M^a Nieves Alonso Campo.

DNI: 34972546-B.

Orde do 26 de febreiro de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante na Xerencia de Atención Primaria de Ourense.

Convocada, por Orde do 16 de decembro de 2008 (DOG nº 4, do 7 de xaneiro de 2009), a provisión dun posto de persoal directivo vacante na Xerencia de Atención Primaria de Ourense, esta consellería, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en exercicio das competencias que ten atribuídas,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto directivo pertencente á estrutura organizativa da Xerencia de Atención Primaria de Ourense, anunciada por Orde do 16 de decembro de 2008 (DOG nº 4, do 7 de xaneiro de 2009).

Segundo.-Nomear na praza que se indica a persoa citada no anexo desta orde, para os efectos do previsto no punto 2 do artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2009.

M^a José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Posto: directora de Xestión e Servizos Xerais.

Nome e apelidos: Ana Inés Fernández Peña.

DNI: 34948099-J.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 26 de febreiro de 2009, da Dirección Xerencia do Hospital Comarcal de Monforte, pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de avaliación colexiada, do posto de xefatura de sección de rehabilitación.

Convocada por Resolución do 30 de outubro de 2008 (DOG nº 228, do 24 de novembro), a provisión do posto de xefatura de Sección de Rehabilitación, polo sistema de avaliación colexiada, esta Dirección Xerencia de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de xefatura e coordinación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 3 da devandita orde e artigo 5.1ª j) da Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura de Sección de Rehabilitación, anunciado por Resolución do 30 de outubro de 2008 (DOG nº 228, do 24 de novembro).

Segundo.-Nomear, para o posto que se indica, a persoa relacionada no anexo desta resolución.

Terceiro.-A aspirante nomeada deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada da interesada, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, e percibiranse os correspondentes haberes de conformidade co que establece a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excendencia voluntaria por interese particular e será declarado nesa situa-

ción polo órgano competente quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso dealzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Monforte de Lemos, 26 de febreiro de 2009.

Francisco Javier Puente Prieto
Director xerente do Hospital Comarcal de Monforte

ANEXO

Posto de traballo: xefa de sección de rehabilitación do Hospital Comarcal de Monforte.

Nome e apelidos: Alicia Inmaculada Cadarso Palau.
DNI: 33221734-M.

Resolución do 27 de febreiro de 2009, da Dirección Xerencia do Hospital Comarcal de Valdeorras, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, de determinados postos vacantes de persoal diplomado sanitario.

Por Resolución do 17 de decembro de 2008 (DOG nº 4, do 7 de xaneiro de 2009) convocáronse para a súa provisión, polo sistema de concurso de méritos, determinados postos vacantes de persoal diplomado sanitario.

De acordo co disposto nas bases da convocatoria, logo de actuación da comisión de avaliación a que se fai referencia na base quinta, e á vista dos méritos alegados e da defensa do proxecto técnico de xestión polos aspirantes, que constan nas actas da devandita comisión, esta dirección xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro (DOG nº 56, do 21 de marzo) e pola Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio),

ACORDA:

Primeiro.-Adxudicar os postos de traballo convocados aos aspirantes que obtiveron a maior puntuación nos termos previstos no anexo desta resolución.

Segundo.-Os profesionais nomeados deberán cesar na praza que desempeñen dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo director xerente do Hospital Comarcal de Valdeorras.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Cuarto.-Os aspirantes nomeados serán avaliados antes de que transcorran catro anos desde o seu nomeamento, para os efectos de prorrogar o desempeño do posto por idéntico período de tempo ou proceder á súa remoción do posto de traballo. A remoción virá precedida dun procedemento que garanta a audiencia do interesado.

Unha comisión técnica designada conforme o previsto no artigo 14 da Orde do 24 de maio de 2006 avaliará fundamentalmente a actividade realizada para a implantación do proxecto técnico e o cumprimento dos obxectivos da unidade.

Quinto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada ante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

O Barco de Valdeorras, 27 de febreiro de 2009.

Roberto Rodríguez Alonso
Director xerente do Hospital Comarcal
de Valdeorras

ANEXO

Posto: supervisor/a das unidades de Enfermaría de Urgencias e Reanimación.

Nome e apelidos: José Carlos Blanco Gómez.

DNI: 34962808-W.

Posto: supervisor/a da Unidade de Quirófano.

Nome e apelidos: Ángel Díaz de la Cuesta.

DNI: 32669813-S.